


As características mostradas foron analizadas no proxecto de investigación denominado “Efecto da produción e calidade do ovo da raza Galiña de Mos fronte á estirpe industrial, nun sistema de produción artesanal con diferentes sistemas de alimentación. Caracterización da canle e da carne do desvelle”, reali-

zado pola Federación de Razas Autóctonas de Galicia-Boaga, o Centro Tecnolóxico da Carne e o Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, dependentes da Xunta de Galicia, e financiado con fondos Feader e con fondos propios da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.



Ovos de Raza Galiña de Mos *Saborosos, sans e nutritivos!*





www.avimos.org

Ovos de Raza Galiña de Mos *“Os de antes”*



RAZA MOS. SABOR DE RAZA






O ovo é un dos alimentos de maior valor nutritivo. A calidade da súa proteína é moi elevada, xa que é rica en aminoácidos esenciais, que son aqueles que debemos inxerir na dieta dado que o noso organismo non os pode sintetizar. Debido a este factor das súas proteínas, o ovo ten o maior valor biolóxico dos alimentos, xunto co leite materno.

Ademais, o ovo posúe unha gran cantidade de vitaminas, minerais e antioxidantes que axudan a deter os procesos dexenerativos do noso organismo, e as súas graxas considéranse equilibradas e saudables.

Na calidade dos ovos das galiñas non só inflúe a alimentación, senón tamén a raza.

Hai décadas, os ovos da Raza Galiña de Mos eran moi buscados pola súa calidade, posto que se consideraban diferentes aos doutras razas de tipo industrial.

Actualmente xa se poden atopar de novo nos mercados e obtéñense a partir de galiñas da raza que se crían en pequenas granxas artesanais, alimentadas a base de cereais e verduras e dos alimentos que atopan no campo.



Os estudos recentes indican que os ovos da Raza Galiña de Mos teñen importantes diferenzas fronte aos de galiñas industriais:

-A súa casca é de cor máis clara que as dos tipos de galiñas poñedoras industriais que podemos atopar no mercado.

-A súa xema é moito máis grande que as das poñedoras industriais. Na xema están moitas das propiedades nutritivas, polo que o valor nutricional é moito maior que o das poñedoras.

-Teñen unha graxa de alta calidade e saudable debido á alta proporción de ácidos graxos insaturados, de omega 6 e de omega 3.

-Os ovos da raza teñen menos auga no seu interior, especialmente na clara.

-Posúen un alto contido en proteína, que é dun alto valor biolóxico. Os aminoácidos esenciais son moi superiores aos das galiñas industriais.

-Gozan dun sabor e dun color intensos, coma os de antes.

